




CAMPO DE VOLUNTARIADO "MONTE SACRO" (VEDRA - BOQUEIXÓN - A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
15-26/07/2024	18-30	Internacional	Medioambiental e social	15



LOCALIZACIÓN

Os concellos de Boqueixón e Vedra atópanse na provincia da Coruña, en pleno corazón do Val do Ulla, na comarca de Santiago. Unha privilexiada situación dada a súa proximidade á capital de Galicia.

DESCRICIÓ DO CAMPO

Por unha banda neste campo de voluntariado desenvolverase unha intervención de recuperación medioambiental e etnográfica

ca que consistirá principalmente no seguinte:

- Deseño, acondicionamento e limpeza dun roteiro que unirá os concellos de Vedra e Boqueixón co municipio limítrofe de Teo, coa intención de crear unha ruta de gran percorrido na ribeira do río Ulla.
- Colocación de sinalización e a dinamización, divulgación e posta en valor do patrimonio cultural e natural da contorna da área recreativa de San Paio.

Pola outra, desenvolveranse actividades de intervención sociocultural (cos participantes do Verán Activo e coa veciñanza en xeral) tendo como centro de interese a difusión e posta en valor da área de San Paio.

Tamén se consideran accións de divulgación e dinamización:

- Realización dunha guía da flora e fauna.
- Deseño, gravación e proxección dunha curtametraxe de concienciación ambiental e patrimonial.

Ademais realizaranse actividades lúdico-recreativas, deportivas e turístico-culturais.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Actividades socioculturais e etnográficas encamiñadas a coñecer a contorna (festas tradicionais...).
- Actividades de animación e lúdicas: xogos, descenso do Ulla en piraguas, praia...
- Visitas a lugares ricos en patrimonio histórico-artístico e natural:
 - Pico Sacro
 - Pazo de Santa Cruz de Rivadulla
 - Santiago de Compostela
- Excursións:





- Fisterra
- Rias Baixas

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

CPI de Vedra (situado ao carón do Polideportivo Municipal).

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O punto de encontro será na entrada principal da Estación Intermodal de Santiago de Compostela (Rúa Clara Campoamor, s/n), o primeiro día ás 16:00 h. As persoas voluntarias poderán tamén presentarse directamente no CPI de Vedra.

O campo remata o último día despois do almorzo.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acolledora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.
- c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

QUE TRAER?


- Útiles de aseo, toalla de ducha e de praia
- Calzado apropiado para actividades
- Roupas cómodas para actividades, roupa de abrigo (para choiva)
- Mochila pequena
- Saco de durmir

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.





CONTACTO

Dirección Xeral de Xuventude: camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.

